

A MIRADA DO SILENCIO

[Joshua Oppenheimer, 2014]

33

ESTREA EN NUMAX: 15.07.2015 | v.o.s.e.

FICHA TÉCNICA

The Look of Silence (2014, 102')

Dirección: Joshua Oppenheimer

Guión: Joshua Oppenheimer

Montaxe: Niels Pagh Andersen

Son: Henrik Garnov

Música: Seri Banang, Mana Tahan (tradicional). E. Sambayon, Sakti Alamsyah (Lukisan Malam)

Fotografía: Lars Skree

Produtora: Final Cut For Real ApS (Dinamarca), Anónimo, Making Movies Oy (Finlandia), Piraya Films (Noruega), Spring Films (Reino Unido)

Distribuidora: Avalon - Yedra Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1,85:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

The Act of Killing (2012)

The Globalisation Tapes (2003)

«Os superviventes dino por medo. E os perpetradores [Oppenheimer chámalos así] como ameaza. Pero o pasado non pasou, de feito é o presente»

Tommaso Koch, EL PAIS

SINOPSE

Por medio da obra cinematográfica de Joshua Oppenheimer (*The Act of Killing*) sobre os responsábeis do xenocidio indonesio, unha familia de sobreviventes descobre como foi asasinado o seu fillo e a identidade dos homes que o mataron. O irmán máis novo decídese a crebar o medo e o silencio co que viven os que quedaron vivos, confrontándose deste xeito aos responsábeis da morte do seu irmán. Algo inconcibíbel nun país no que os asasinos permanecen no poder.



A MIRADA DO SILENCIO

[Joshua Oppenheimer, 2014]

Joshua Oppenheimer fala sobre *A mirada do silencio*

Sempre pensei en facer dous filmes, un deles sobre o que acontece cando unha sociedade enteira está construída sobre o terror e a mentira, todo tipo de mentiras, escapismo, fantasía e, en última instancia, culpa. Unha caste de soño febril durante o que nos perdemos nestas mentiras, só para caer abruptamente na súa dura e brutal realidade que é, á fin, literalmente indixesta. Todo isto levoume cara a un filme ben extravagante. Pero sempre souben que había ese outro filme que faría arredor do que significa sobrevivir durante cincuenta anos como un indonesio corrente instalado no medo, rodeado por xente que matou os seus parentes.

Neste sentido, que ocorre cando introduces un deses atormentados retablos que puntúan *The Act of Killing* e tes que reconstruír unha vida aí? Que che provoca iso —ter que vivir nesa caste de silencio e medo por tanto tempo? Cando dis que é como se os dous filmes orbitasen un arredor do outro e tivesen todos eses puntos de contacto, eu sinto tamén como se cada un destes cadros silentes de *The Act of Killing* fose unha porta oculta que leva a *The Look of Silence*. A fachenda dos responsábeis dos crimes que vemos encadrada pola mirada de Adi é unha especie de precuela do primeiro filme.

Esta circularidade estivo tamén moi presente na produción dos filmes porque eu comecei o traballo con Adi e a súa familia. Foron ameazados e disuadidos de participaren en 2003, cando comezamos. Pero tamén foron eles os únicos que me dixeron de intentar filmar os criminais. Toda a familia estaba ansiosa polo que faría, pero tamén o estaban moitos dos outros sobreviventes que reunira Adi na comunidade de dereitos humanos e con quen estabamos en diálogo nesa altura, tanto en Iacarta como en Medan.

Logo, en 2004, un dos activistas máis importantes polos dereitos humanos en Iacarta, Munir Said Thalib, foi asasinado. Matouno un home agora moi achegado ao novo presidente, Joko Widodo, que espero sexa tan progresista como parece ser. O asasino, Priyanto, era o xefe de intelixencia nese momento. Eu

estaba indignado e horrorizado por este asasinato. Deume medo filmar os responsábeis. E daquela, cando o fixen, topei con esa actitude fachendosa. Os sobreviventes e a comunidade polos dereitos humanos no seu conxunto, entre eles a familia de Adi, pediron que os seguise filmando porque eu estaba a descubrir o que acontecera, posto que ninguén escoitara falar dunha maneira tan explícita do que fixeron.

Adi dixo entón algo moi revelador, que era que se alguén sentise e vise o xeito no que falaban, habería un recoñecemento de que algo funcionaba moi mal aquí e agora, na actualidade. A sensación era que estes dous filmes debían falar moi claramente sobre o presente. Ese foi o principio fundacional de ambos os dous filmes. Filmei durante sete anos cos criminais. Dos primeiros dous anos xurdiu o material que só se ve nas vellas filmacións que está a ver Adi. Logo coñecín a Anwar e os seguintes cinco anos paseinos filmando con el. Ningunha das persoas que saen en *The Act of Killing* está neste filme. Pero desde o comezo da rodaxe, Adi vía todo o que tiñamos tempo de lle amosar. Volvín para filmar *The Look of Silence* en 2012, logo de rematar a edición de *The Act of Killing* pero antes de que fose estreada. Esta estraña situación de ser ben coñecido en toda a rexión para filmar co vicepresidente, co gobernador, cos ministros e senadores, axudounos tamén a saír airosos das confrontacións que propoñía Adi.

Cando volvín, o propio Adi levaba visto todo ese material que percorría moitos anos e chegara a un lugar moi diferente de aquel onde se situaba ao comezo. Daquela el insistía no enfrontamento cara a cara. Ao primeiro, dixenlle que non. Pero o feito de que eu fose coñecido por ser amigo deles levou os seus superiores a darnos esta oportunidade única de facer algo sen precedentes: filmar os sobreviventes fronte aos criminais mentres eses mesmos criminais estaban aínda no poder. Por estaren aínda no poder, non tiñan necesidade de negar o que fixeron. É perigoso e pon a todo o mundo nun gran risco, pero grazas a esta posición de forza acadada polo éxito de *The Act of Killing*, puidemos facelo.

Fragmento de «Joshua Oppenheimer by Pamela Cohn. The Look of Silence, and the price of forgiveness» en bombmagazine.org, 9 de decembro de 2014.

MATERIAIS

NA LIBRARÍA NUMAX

***El infierno de los jemeres rojos.* Denise Affonço.**

Libros del asteroide

***Shoah.* Claude Lanzman.**

Tiempo al tiempo

***Imágenes pese a todo.* George Didi-Huberman.**

Paidós

***Sobre la violencia.* Hannah Arendt.**

Alianza

Manual de supervivencia. Entrevista con Hervé

***Aubron y Emmanuel Burdeau.* Werner Herzog.**

Cuenca de plata

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega

Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela

TELF 981 560 250 | www.numax.org